



O IES Rosais 2, en coordinación co Departamento de Educación Plástica e Visual e a ANPA Agarimo do IES Rosais 2, convoca o XXXIV Certame de Postais de Nadal Rosais 2

### “A Mellor Postal de Nadal”

que se rexerá polas seguintes

#### BASES:

1. Poderá participar todo o alumnado oficialmente matriculado no IES Rosais 2.
2. O formato da postal presentada terá **medidas** entre **15x21cm (DINA5) e 10x15cm**, decorada cun debuxo polo exterior.
3. Admítense todas as técnicas: acuarela, ceras, témperas, collage, etc.
4. As postais deben entregarse na **Secretaría** do Centro, e o **PRAZO MÁXIMO** para a súa presentación será o día **15 DE DECEMBRO (xoves) ás 13.00 HORAS**.
5. As postais deberán ir acompañadas dun escrito onde figure o nome, apelidos, curso e grupo, nun sobre pechado.
6. De todas as entregas realizarase unha **exposición**, das que sairán as gañadoras.
7. Establécense dous **premios**:  
**1º premio: Tarxeta regalo valorada en 30 €**  
**2º premio: Tarxeta regalo valorada en 15 €**  
Ademais, poderá concederse **accésit** se o xurado o considerase oportuno.  
Os premios entregaranse o xoves 22 de decembro na chocolatada organizada pola ANPA.
8. A postal máis votada poderá ser elixida para felicitar oficialmente dende o Instituto a toda a Comunidade Educativa a través do correo electrónico.
9. Os premios, se o xurado así o estimase, poderán declararse desertos.
10. O feito de participar neste concurso implica a aceptación da totalidade destas bases.